

CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A ENTIDADE AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “SEMANA SANTA DE VIVEIRO” NA ANUALIDADE 2026, (APROBADO POR RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA _____)

En

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I, actuando en nome e representación da citada entidade, según dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E de outra parte, María del Carmen Gueimunde González, na súa condición de Representante, da entidade Ayuntamiento de Viveiro, con NIF P2706700H, actuando en nome e representación da citada entidade.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

MANIFESTAN

Primeiro: Que no vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, e no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 aprobado pola Xunta de Goberno o 23 de xaneiro de 2026 así como no ANEXO I, sobre liñas , actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, aprobado por ese mesmo órgano o 23 de xaneiro de 2026 (dentro da Liña 3.1 a, da Área funcional de Turismo, e do obxectivo específico 3) Apoiar e difundir o potencial turístico da provincia,) recóllese unha subvención directa nominativa a favor do beneficiario *Ayuntamiento de Viveiro*, por importe de 30.000,00€, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Semana Santa de Viveiro”.

Segundo: Que por resolución presidencial, de data ____ de ____ de 2026, aprobouse o convenio que canaliza a subvención nominativa outorgada, por importe de 30.000,00€, a favor do beneficiario, Ayuntamiento de Viveiro, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Semana Santa de Viveiro”, na anualidade do 2026.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 30.000,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto: O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	1/11



Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación “Semana Santa de Viveiro”, na anualidade 2026. Esta actuación consiste na financiación dos gastos de promoción e aluguer de carpa para os actos e museo da Semana Santa 2026 en Viveiro.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 31.931,10€.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.

Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 30.000,00€, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actuación subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.
- A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actuación subvencionada.

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	2/11



Do Beneficiario:

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.
- Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario/a.
- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada,
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actuación subvencionada será obriga persoal do/a beneficiario/a, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O/a beneficiario/a poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custe da actuación subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actuación concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo sexa autorizado previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o/a beneficiario/a, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	3/11



O/a beneficiario/a será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O/a beneficiario/a da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actuación subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actuación obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co/coa beneficiario/a.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co/coa beneficiario/a deberá cumprirse o seguinte:

- a. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b. Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.

A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do/a beneficiario/a.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o/a beneficiario/a será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actuación ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión nesta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	4/11



De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actuacións (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actuacións deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2027.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o/a beneficiario/a se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirírase ao/a beneficiario/a para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o/a beneficiario/a sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.


Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2026.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actuación subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	5/11



De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente - contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada (os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente polos suxeitos relacionados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común):

- ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actuacións realizadas, o custo total e os resultados obtidos.
- ANEXO CERTIFICACIÓN XENÉRICA expedida polo órgano competente.
 - Certificar a relación clasificada de gastos polo custo total da actuación subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a forma de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación e o cadro de financiamento.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

- Certificar as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada, con indicación do seu importe e orixe.
- Certificar que a actuación, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.
- Certificar que a relación dos gastos da actuación subvencionada atópase executada e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- Certificar que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu, en galego, na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actuación subvencionada.
- Certificar que no desenvolvemento da actuación non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puideran considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
- Certificar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación dos custes realizarase nos

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	6/11



mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

O centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipada a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o/a beneficiario/a ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

- a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actuación, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
- e. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actuación, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	7/11



- g. Incumprimento das obrigas imposta pola Administración aos/ás beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h. A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i. Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo/a beneficiario/a se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actuación subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexeráse polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.


Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	8/11



Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	S	Outros Servizos
FINALIDAD	14	Comercio, Turismo e Pymes
IMPACTO DE GÉRERO	2	Nulo, cando non existindo desigualdades de partida en relación a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes non se prevea modificación algunha de esta situación
INSTRUMENTO DE AYUDA	SUBV	Subvención e entrega dineraria sen contraprestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o/a beneficiario/a poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo ou por incorrer en causas de resolución efectuarase por resolución presidencial.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	9/11



Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.-Vixencia do Convenio.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2028, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerese ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación.


Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos/as beneficiarios/as das actuacións ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo/a beneficiario/a das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	10/11



Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo novena.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, para o bo desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da Comisión de Seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

“A PRESIDENTA,

A Representante do Ayuntamiento de Viveiro

Asdo.: María del Carmen López Moreno”

Asdo.: María del Carmen Gueimunde González

“O SECRETARIO XERAL,

Asdo: José Antonio Mourelle Cillero”

	IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Fecha y Hora	09/04/2026 12:14:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OT7DVVO7TWCUJH5MFXGKQ	Página	11/11	